



Ademais de ser unha extraordinaria poeta e unha referencia na nosa literatura, Xela Arias tamén axudou a que as obras de moitas outras persoas chegasen ás librarías. Dende moi nova formou parte do equipo que puxo a andar Edicións Xerais de Galicia. Nesta editorial, unha das máis senlleiras en lingua galega, traballou primeiro de oficinista e logo de correctora, tradutora e editora. Ela sabía moi ben como nacen e se editan os libros. Convidámosvos a viaxar por esas fábricas de papel e soños que son as editoriais. Imos coñecer como se fai un libro!




O primeiro é termos un texto orixinal para publicar. Para iso necesitamos persoas que sexan quen de imaxinar novos mundos nas súas cabezas e despois convertelos en palabras: as escritoras e os escritores!

Agora que temos a materia prima, precisamos preparala para que chegue nas mellores condicións ao público. Para iso debemos recorrer a quen máis sabe disto: os editores e as editoras. Eles son os que, despois de leren os orixinais, dan a súa opinión e, se o cren necesario, propoñen melloras na redacción. Hai que revisar todo devagar, dende o título ata o punto final.

Os nosos editores e editoras cren que a este libro lle acaerían moi ben máis imaxes. É hora de chamar pola persoa que vai facer as ilustracións. O primeiro é enviarlle o texto e que coñeza a colección na que se vai publicar o noso libro para que se adapte ao seu deseño. Vai ter que pensar moi ben cada debuxo, e de maneira especial o da cuberta, porque esta ten que ser coma a fachada dun edificio ou o envoltorio dun agasallo, ben atractivo! Imos facer a proba. Imaxinade que o verso de Xela Arias "Ríos pesados de baleas" é o título dunha obra. Que vos parecería esta imaxe para a portada?

Ríos pesados de baleas



Imos pedirlle á nosa ilustradora que ilustre o que dicía Xela Arias nestoutros versos que escribiu en 1983 para o catálogo dunha exposición do seu bo amigo Xosé Guillermo. El era tamén pintor e ilustrador, e colaborou moito con Xerais na etapa en que a poeta traballou nesta editorial.

era nova e neboada

nos carballos castiñeiros do camiño

nas portas das casas e no campanario da igrexa

estaba cansa a traballar por saír

no intermedio das horas

que bailaban no swing das formigas

ó son que pasaban.



É a quenda dos profesionais da corrección, que se chaman correctores e correctoras. Hai que darlle polo menos dúas lecturas completas ao texto, non vaia ser que non viramos algún erro. Xa se sabe que catro ollos ven máis ca dous!

O signos que se usan para as correccións son coma os sinais de tráfico, enténdense en todos os idiomas do mundo.

Suprimir ∅
Insertar ∨
Cambiar ⇄



Vai furia nos cabalos dos cometas
Vencer
É un trago que agoiramos amantes nas imaxes

Xela Arias. *Faro de Vigo* (1983)



Logo de reler e de revisalo todo: texto, cuberta, contracuberta, lombo, lapelas..., chegou a hora de enviar o noso libro á imprenta onde imprimirán e encadernarán os exemplares. Que nervios! Xa está aquí o primeiro!



Agora é o momento de que os libros voen por si mesmos. A partir de aquí serán de quen os compre, de quen os lea e, sobre todo, de quen os valore. Felices lecturas!



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Co apoio de

